

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 27-07-2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Máster Universitario en Enerxía e Sustentabilidade
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Escola de Enxeñaría Industrial
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMIENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (B) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación do Resultado:

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster da ACSUG de xullo de 2015.”

Cumprimento do proxecto establecido:

En xeral, o conxunto de evidencias e indicadores aportados polo título proporcionan información suficiente sobre a adecuada implantación. Así mesmo a información pública, en xeral está actualizada e accesible.


Plan de melloras do título:

En xeral, o plan de melloras presentado polo título, recolle os seus puntos febles mais importantes e inclúe accións de mellora coherentes para a súa solución. Non obstante, recoméndase revisar as datas límite execución dalgunhas das accións de mellora, xa que nalgúns casos xa se excederon.

Modificacións do plan de estudo:

Non procede

Vigo, a 27 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

Conforme excelente Conforme Non Conforme

A B D
 C

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento		C
Información e Transparencia	B	
Sistema de Garantía de Calidade		C
Recursos Humanos		C
Recursos Materiais e Servizos	A	
Resultados de Aprendizaxe	B	
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B	

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/asignaturas	<p>Revisáronse as guías docentes das seguintes materias, tanto do curso 2014/15 (período ao que corresponde este informe de seguimento) como do curso 2015/2016:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Enerxía Solar Térmica e Fotovoltaica • Economía Enerxética e Medioambiental • Eficiencia, Aforro e Auditorías Enerxéticas • Tecnoloxías Térmicas e da Enerxía Eléctrica • Enerxía da Biomasa, dos Biocombustibles e dos Residuos • Prácticas Externas <p>En xeral, nestas seis materias, obsérvanse algunhas diferencias entre as metodoloxías e sistemas de avaliación (en particular, nos pesos que se asignan a cada un deles) que aparecen nas guías e os que se recollen na Memoria de Verificación do título.</p> <p>En canto aos contidos, introdúcense novos conceptos como “Imposición ambiental en España” na materia “Economía Enerxética e Medioambiental”; “Sistemas de Xestión Enerxética e as empresas de servizos enerxéticos (ESEs)” e “Políticas e axudas sobre eficiencia enerxética e auditorías” na materia “Eficiencia, Aforro e Auditorías Enerxéticas”; e “I+D de caldeiras de biomasa a nivel industrial” na materia “Enerxía da Biomasa, dos Biocombustibles e dos Residuos”.</p> <p>En relación coas competencias, obsérvanse tamén algunhas diferencias: en “Economía Enerxética e Medioambiental” na guía docente de 2014/15 faltan varias competencias, e na guía de 2015/16 falta a competencia CE15 “Saber realizar auditorías enerxéticas”; en “Eficiencia, Aforro e Auditorías Enerxéticas” e “Enerxía da Biomasa,</p>

	<p>dos Biocombustibles e dos Residuos” nas guías de 2015/16 falta a competencia CT10 “Sensibilización por temas medioambientais”.</p> <p>Estes cambios deberían de estar xustificados/motivados e recollidos nalgún informe.</p> <p>Dado que no momento no que se verificou a Memoria de título non era obrigatorio incluír resultados de aprendizaxe, estes non aparecen na Memoria do título. Dado que agora si é un campo obrigatorio das fichas de materia, recoméndase introducir esta información na vindeira solicitude de modificación do título.</p> <p>O título estableceu unha acción de mellora “Revisión/actualización da memoria” relacionada con estes dous aspectos (discrepancias entre a Memoria verificada e as guías das materias en relación cos contidos, competencias, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación; e a ausencia de resultados de aprendizaxe) con accións correctivas pendentes de desenvolver.</p> <p>Erro tipográfico: Guía da materia “Eficiencia, Aforro e Auditorías Enerxéticas” –> “Medidas de aforro energético en la distribución de vapor”</p>
<p>E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación</p>	<p>Fundamentalmente nas actas da comisión académica do mestrado recóllense accións relacionadas cos procesos de selección e admisión de estudantes, coa planificación das probas de avaliación, e co seguimento e acreditación da titulación. Non hai información concreta sobre as accións de coordinación horizontal e vertical desenvolvidas ao longo do curso, mais a ala de fixar calendarios de avaliación. Non obstante, o título elaborou unha guía completa sobre as funcións dos coordinadores de materia.</p> <p>No apartado de mecanismos de coordinación docente, menciónase que se desenvolverán diversas reunións de seguimento ao longo do curso, sen embargo non se atopan evidencias destas reunións. Non hai informe de coordinación, e o motivo indicado e que “non procede”.</p> <p>Existen dúas accións no plan de melloras do título en relación con este aspecto, que son a xa mencionada “Elaboración dunha guía de coordinación”, e outra sobre “Coordinación docente” co obxectivo de evidenciar as accións de coordinación realizadas.</p>

1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
<p>As competencias, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, recollidos nas guías docentes das materias que se imparte no mestrado non se corresponden, nalgúns casos, co establecido na Memoria de Verificación do título. Por exemplo difiren: os sistemas de avaliación e o peso que se outorga a cada un deles nas materias “Prácticas externas”, “Enerxía da biomasa, dos biocombustibles e dos residuos”, “Tecnoloxías térmicas e da enerxía eléctrica” ou “Eficiencia, aforro e auditorías</p>	<p>Si</p>	<p>Recoméndase actualizar a Memoria do título solicitando unha modificación do plan de estudos para incluír estes cambios das guías docentes, ou revisar as guías docentes para que se axusten a Memoria de Verificación. En todo caso, recoméndase levar a cabo unha reflexión para poder xustificar a decisión tomada de forma razoada.</p> <p>O plan de accións de mellora do título</p>

<p>enerxéticas”; as competencias da materia nas materias “Economía Enerxética e Medioambiental” (falta a competencia CE15 na guía docente*), “Eficiencia, aforro e auditorías enerxéticas” (falta a competencia CT10”) e “Enerxía da biomasa, dos biocombustibles e dos residuos” (tamén falta a competencia CT10); os contidos das materias “Economía Enerxética e medioambiental” (na guía inclúese “Imposición medio ambiental”) e “Eficiencia, aforro e auditorías enerxéticas” (engadese sistemas de xestión enerxética e as empresas de Servizos Enerxéticos, e políticas e axudas sobre eficiencia enerxética e auditorías).</p>		<p>recolle una acción relacionada con este punto: “<i>Revisión/actualización da Memoria</i>”</p>
<p>Non se elaborou un informe de coordinación docente no que se recollan as accións de coordinación desenvolvidas a o longo do curso 2014/15.</p>	<p>Si</p>	<p>Recoméndase elaborar un informe de coordinación docente no que se recollan as accións de coordinación horizontal e vertical desenvolvidas ao longo do curso, as incidencias e puntos febles detectados así como as accións de mellora en relación coa coordinación a desenvolver en futuros cursos.</p> <p>O plan de accións de mellora do título recolle dúas accións que podería solucionar este punto feble “<i>Mellorar a implantación do SGIC</i>” e “<i>Coordinación docente</i>”.</p>

1.1.2 Valoración do Criterio:

Organización e Desenvolvemento	C
---------------------------------------	----------

1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E30	Existencia dunha guía detallada coas funcións que debe levar a cabo quen coordina unha materia.
Recomendacións para a mellora	E4	De forma xeral as guías docentes son coherentes co indicado na Memoria do título, non obstante existen certas discrepancias que se deberían emendar, ou ben eliminándoas, ou ben proponendo a súa incorporación a Memoria nun futuro proceso de modificación.
Recomendacións para a mellora	E30	Non se elaborou un informe de coordinación, e non se rexistran evidencias sobre as accións de coordinación horizontal e vertical desenvolvidas ao longo do curso.

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/ asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
A información da organización académica da titulación é completa?	B	<p>A información pública sobre a estrutura do programa formativo é completa. O calendario de exames e o horario están accesibles, son claros e completos. Aínda que se suxire engadir a aula na que se imparten as clases, no propio horario.</p> <p>A información dispoñible sobre os TFM inclúa a normativa e convocatorias.</p>
A información do SGC é completa?	A	Manual, procedementos, políticas e obxectivos están dispoñibles a través de la páxina web do centro, no apartado de Calidade. A información está actualizada.
A información dos recursos humanos e materiais é completa?	C	<p>A información que o título publica sobre o profesorado inclúe un listado do conxunto de profesores no que figura o seu nome, correo electrónico e materias que imparte. No listado, sen embargo, non se inclúe información sobre a experiencia docente e/ou investigadora dos profesores, nin a súa categoría, nin un breve CV, nin o seu horario de titorías.</p> <p>O listado que parece na web indica que é o do curso 2013/14. Se o profesorado non cambiou sería convinte actualizar o texto na páxina web, e se mudou, sería convinte actualizalo.</p> <p>Por outra parte o listado de profesores vese mal, algunhas direccións de correo electrónico solápanse co listado de materias.</p> <p>A información pública sobre o persoal de apoio está dispoñible a través da páxina web do centro onde se imparte o título, enlazada dende as webs do mestrado.</p> <p>A información pública sobre os recursos materias e servizos é completa.</p>
A información dos resultados é completa	A	O informe de revisión pola dirección é accesible a través do apartado de Calidade da web do centro (enlazado dende a páxina web do título). En maior ou menor medida, o informe inclúe todos os criterios do seguimento (admisión, resultados académicos, obxectivos de calidade, satisfacción dos distintos grupos de interese, ...).

Erratas:

- No apartado Información xeral / Descrición do título: Descrición del título “Fecga” de la autorización de la implantación del título por la Xunta de Galicia.

1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Se ben dende a páxina web do mestrado é fácil acceder ao listado de profesores que imparten docencia no mestrado, non resulta tan fácil acceder a información de cada un deles (horario de titorías, experiencia investigadora, docencia, etc.), xa que esta información non aparece no listado, e tampouco está enlazado coa información do departamento.	Non	Recoméndase incluír enlaces as páxinas persoais dos profesores, se as teñen, ou as dos seus departamentos, de xeito que sexa máis sinxelo acceder a información completa do profesor/a. De non ser así, recoméndase ampliar a información dispoñible na páxina web sobre o profesorado (horarios de titorías, categoría, breve CV).

1.2.2 Valoración do Criterio:

Información e Transparencia	B
------------------------------------	----------

1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza		En xeral, a información sobre a organización académica do mestrado é completa (estrutura do plan de estudos, horarios, calendario de exames, TFM).
Fortaleza		En xeral, a información sobre os SGC (Manual, Procedementos, Obxectivos) é completa, e accesible a través do portal de calidade da Escola de Enxeñaría Industrial (centro onde se imparte o título).
Fortaleza		En xeral a información dispoñible sobre o persoal de apoio, os recursos materias e os servizos é completa e facilmente accesible.
Recomendacións para a mellora		Recoméndase ampliar a información que se fai pública sobre recursos humanos, en particular sobre o profesorado (categoría, experiencia docente/investigadora, horarios de titorías).
Recomendacións para a mellora		Recoméndase actualizar o listado de profesorado (ou se xa estivese actualizado, indicalo correctamente na páxina web do título)

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	<ul style="list-style-type: none"> O PAT é do centro, non se recollen accións específicas para o mestrado aínda que si se contemplan accións específicas para todo o alumnado da EEI. Non se subiu o informe de coordinación para o curso 2014/15. O plan de promoción tamén é do centro, o rexistro que se subiu á aplicación é un estrato da Memoria e non unha planificación de accións concretas que se vaian a levar a cabo, nun período de tempo concreto. O rexistro correspondente ao informe de seguimento do curso 2014/15 non se subiu a aplicación. Tampouco están os informes de revisión interna nin de ACSUG do curso 2013/14. O procedemento para o seguimento e control de la docencia non se subiu para este título, nin para o centro O plan de acción de melloras do título recolle unha acción de mellora que poderían contribuir a mellorar estes puntos: "Mellora e implantación do SGIC".
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	Existen evidencias de que na CGC trátanse asuntos que xorden da implantación dos procedementos. Por exemplo, nas actas recóllese a aprobación do PAT, do plan de promoción e captación de alumnado, dos procesos de acreditación (informes, alegacións, ...)

1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Algúns dos rexistros do sistema non se atopan dispoñibles na aplicación de SGIC-STO, por exemplo os informes de seguimento do curso 2014/15, os informes de acreditación ou o informe de coordinación.	Si	<p>Recoméndase continuar coa implantación do SGC de forma sistemática e estruturada, rexistrando todos os documentos indicados nos procedementos. No caso particular do plan de promoción recoller as accións desenvolvidas e, na medida do posible o seu impacto.</p> <p>O plan de acción de melloras do título recolle dúas accións de mellora que poderían contribuir a mellorar estes puntos. Estas accións son: "<i>Mellora e implantación do SGIC</i>" e "<i>Plan de acción tutorial</i>".</p>
As evidencias sobre as reunións de coordinación ou outras accións de coordinación horizontal e vertical desenvolvidas especificamente durante o curso 2014/15, non se recolleron nun informe de coordinación.	Si	<p>Recoméndase elaborar un informe no que se inclúan evidencias das accións de coordinación horizontal e vertical desenvolvidas no curso académico 2014/15, en particular, e en cada curso académico de forma xeral.</p> <p>Hai unha acción de mellora relacionada con este punto que sería "<i>Mellora e implantación do SGIC</i>".</p>

O plan de acción tutorial é para o centro, e non inclúen accións específicas para o mestrado, se ben si inclúen accións de orientación para todo o alumnado da EEI.	Si	Recoméndase analizar a conveniencia de incluír accións específicas para o mestrado nos plans de acción tutorial da EEI (as accións de orientación valóranse por debaixo de 3). O plan de acción de melloras do título recolle unha acción de mellora relacionada con este punto: “ <i>Plan de acción tutorial</i> ”.
O plan de captación e promoción de estudantes é para o centro, e non inclúen accións específicas para o mestrado, se ben si inclúe accións xenéricas para todas as titulacións do centro.	Non	Recoméndase analizar a conveniencia de incluír accións específicas para o mestrado nos plans de promoción e captación de alumnado da EEI (a ocupación da titulación baixou con respecto a anos anteriores, e sitúase por debaixo do 60%).

1.3.2 Valoración do Criterio:

Sistema de Garantía de Calidade	C
---------------------------------	---

1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E30	As actas da CGC evidencian que se continua coa implantación do sistema de garantía de calidade.
Recomendacións para a mellora	E05-E7E8	Aínda que de forma xeral os rexistros de calidade están dispoñibles a través da aplicación SGIC-STO, quedan algúns rexistros pendentes de subir, tales como o informe de seguimento do curso 2014/15, o plan de promoción (o último é de 2013/14), o plan de acción de melloras, ou o informe de coordinación. Recoméndase rexistrar as evidencias xeradas a partir da implantación do SGIC.
Recomendacións para a mellora	E05- E7-E8	Recoméndase continuar coa implantación do SGIC de forma sistemática é estruturada.
Recomendacións para a mellora	E05- E7-E8	Recoméndase evidenciar os acordos e accións de coordinación horizontal e vertical levadas a cabo durante o curso.
Recomendacións para a mellora	E05- E7-E8	Recoméndase analizar a conveniencia de incluír accións específicas para o mestrado nos plans de acción tutorial e nos plans de promoción e captación de alumnado da EEI.

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	<p>O informe de revisión pola dirección inclúe os datos de participación (12,38 %) nas enquisas EAD e o resultado global sobre o grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente (3.45 sobre 5). Non obstante, no se recolle unha valoración destes datos e da súa evolución.</p> <p>Recoméndase incorporar esta análise (participación, resultados, evolución) ao informe de revisión pola dirección.</p>
Indicadores:	Descrición
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	<p>Todos os indicadores analizados nas enquisas de satisfacción para o profesorado están por encima de 4, polo que se pode considerar un bo resultado. En canto ao alumnado, a excepción da valoración sobre a satisfacción cos recursos materias e servizos que ten un valor de tres, o resto de indicadores están por debaixo de tres. Os aspectos peor valorados son a planificación e desenvolvemento das ensinanzas (2,42) e os resultados (2,5) . Debería considerarse a posibilidade de levar a cabo accións de mellora en relación con estes aspectos.</p> <p>En todo caso, debe terse en conta que o índice de participación do alumnado é baixo polo que os resultados poden non ser estatisticamente significativos. Recoméndase fomentar a participación do alumnado, se é preciso con accións propias do mestrado, co fin de poder explotar os datos de forma adecuada.</p>
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	<p>Dado que a participación nas Enquisas de Avaliación Docente é baixa (<15 %) a valoración dos resultados pode non ser estatisticamente significativa. A valoración da satisfacción, en termos xerais, coa labor desenvolvida polo profesorado do mestrado e media/alta (3.45), se ben está por debaixo da media das titulacións de mestrado que se imparten no centro (3.89), da rama (3.95) e da Universidade (3.91).</p> <p>Os ítems peor valorados son “os criterios e sistema de avaliación empregados polo profesor axústanse ao recollido pola guía docente” e “o nivel de esixencia axústase ai aprendizaxe alcanzado”.</p> <p>Recoméndase estudar a posibilidade de definir accións encamiñadas a mellorar estes resultados, por exemplo, revisar as desviacións dos sistemas de avaliación implementados en relación o indicado nas guías docentes.</p> <p>Así mesmo, recoméndase fomentar a participación do alumnado nas enquisas.</p>

1.4.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
No informe de revisión pola dirección non se leva a cabo unha análise dos resultados e evolución das enquisas de avaliación da actividade docente EAD.	Non	Recoméndase incluír unha análise de resultados das EAD e a súa evolución no informe de revisión pola dirección.

A participación nas enquisas de satisfacción e de EAD é baixa (<15 %).	Si	Fomentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción e de EAD. O plan de acción de melloras do título recolle unha acción de mellora que podería contribuír a mellorar este punto “Promoción na participación das enquisas docentes”.
O grao de satisfacción do alumnado con aspectos como a planificación e desenvolvemento das ensinanzas (2,42) e os resultados (2,5) e baixo.	Non	Recoméndase analizar as causas destes resultados, por exemplo mediante enquisas propias da titulación, ou conversas con grupos representativos de alumnos.

1.4.2 Valoración do Criterio:

Recursos Humanos	C
-------------------------	----------

1.4.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	I03, I07	En xeral, os resultados globais das EAD, así como os resultados das enquisas de satisfacción do profesorado do mestrado son positivos.
Recomendacións para a mellora	I07	Recoméndase incluír unha análise de resultados das EAD e a súa evolución no informe de revisión pola dirección. Sería preciso dispoñer dun número significativo de respostas para poder levalo a cabo, e analizar tamén a súa evolución.
Recomendacións para a mellora	I03	Ampliar a análise que se fai dos distintos ítems das enquisas de avaliación da satisfacción, en particular para o alumnado (xa que obteñen as valoracións máis baixas, case todas por debaixo de tres, e algunhas por debaixo de 2,5 (meta establecida nos obxectivos de calidade)). Considerar se se poden propoñer accións para mellorar na valoración non aspectos peor valorados, en concreto sobre a planificación e desenvolvemento das ensinanzas, e sobre os resultados.
Recomendacións para a mellora	I03, I07	Recoméndase fomentar a participación nas enquisas de avaliación da satisfacción entre os distintos grupos de interese, particularmente, entre o alumnado, e nas enquisas de avaliación do profesorado.

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	O grao de satisfacción cos recursos materiais e servizos é alto no caso de profesorado (4,10) e medio no caso do alumnado (3,0).

1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora

1.5.2 Valoración do Criterio:

Recursos Materiais e Servizos	A
--------------------------------------	----------

1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	I03	O grao de satisfacción cos recursos materias e servizos é medio/alto (3.0/5 para o alumnado e 4,1/5 para o profesorado)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grado/Máster	<p>O listado de TFM correspondentes ao curso 2014/15 recolle os autores, o título e titores do TFM, pero non as cualificacións. Recoméndase incluír esta información como evidencia no apartado E25-E17.</p> <p>A distribución de cualificacións dos TFM consultouse a través do Sistema de Información a Dirección (SID), na Secretaría Virtual da Uvigo. Obsérvase una distribución razoable das cualificacións.</p>
E28- E18: Informes de cualificacións das materias/ asignaturas	<p>Dentro do informe de revisión pola dirección analízanse as taxas de rendemento e éxito como parte dos obxectivos/metos de calidade. Ademais inclúese unha táboa cos resultados por titulación. Non obstante a análise faise de forma global e non por materia. Recoméndase incluír esta análise no informe de revisión pola dirección.</p> <p>Analizando os datos de éxito e rendemento por materia a través do SID, obsérvase que a taxa de éxito e rendemento de todas as materias é alta (éxito do 100 % e rendemento por riba do 90%), excepto no caso do TFM, no que a taxa de rendemento baixa ao 66%. No informe de revisión pola dirección analízanse as posibles causas da baixada no rendemento do TFM, atribuíndoo a compatibilización dos estudos coa carreira profesional, que dificulta que o alumnado remate os TFM a tempo.</p> <p>En xeral, os resultados poden considerarse como positivos e que se cumpre cos obxectivos da titulación. Non obstante, recoméndase analizar a evolución dos resultados do TFM nos próximos anos.</p> <p>Nesta evidencia debería aparecer o informe de calificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accedese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escollese o informe “AC-E08- Calificación de cada unha das materias</p>

1.6.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
A análise das taxas académicas e dos resultados de aprendizaxe faise de forma global e non por materia (coa excepción do traballo fin de máster)	Non	Recoméndase incluír no informe de revisión pola dirección unha análise dos resultados de aprendizaxe por materia, e non so por titulación.

1.6.2 Valoración do Criterio:

Resultados de Aprendizaxe	B
----------------------------------	----------

1.6.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E28-E18	Taxas de rendemento e éxito por riba do 90% en todas as materias excepto no TFM.
Fortaleza	E28-E18	Taxa de abandono do 0%
Fortaleza	E25-E17	A distribución das cualificacións no TFM evidencia que o sistema de avaliación empregado permite discriminar entre TFM de diferente calidade.
Recomendacións para a mellora	E28-E18	Aínda que os resultados académicos semellan moi bos, considerar a posibilidade de facer unha análise por materia, en lugar de facer unha análise global (que se recolla no informe de revisión pola dirección).

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:									
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	<p>No informe de revisión pola dirección lévase a cabo unha análise dos resultados das enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese. A análise faise de forma global para todas as titulacións do centro. Considérase que sería convinte facer unha análise máis profunda de cada unha das titulacións, en particular do mestrado en Enerxía e Sustentabilidade.</p> <p>No caso do alumnado, a excepción do grao de satisfacción cos recursos materiais e servizos, a valoración dos diferentes ítems está por debaixo do 3 (que sería o aprobado, nunha escala de 1 a 5). Podería considerarse levar a cabo algunha acción para a mellora destes resultados, en especial en relación coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas que ten a valoración máis baixa ($2,42 < 2,5$ meta definida nos obxectivos de calidade do centro, para este indicador). A primeira acción podería ser analizar as posibles causas.</p> <p>As metas para o valor da satisfacción do profesorado e do alumnado coa planificación e desenvolvemento é de 2,5, que nunha escala de 1 a 5 estaría por debaixo do aprobado. Considerar a opción de definir metas iguais ou maiores que tres (aprobado).</p>								
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	<p>Os datos sobre os resultados da titulación están dispoñibles a través do informe de revisión do sistema por la dirección, publicado na páxina web da EEI. De novo é preciso dicir que a análise de resultados recóllese de forma global no informe, e non por materia.</p> <p>No apartado de seguimento de títulos publícanse as taxas pero so ata o curso 2013/14, faltarían as do último curso 2014/15.</p> <p>En xeral, os resultados académicos (medidos a partir das taxas de rendemento, éxito, eficiencia e graduación) son moi bos.</p>								
Indicadores:									
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	<p>Obsérvase un descenso no número de matriculados de novo acceso nos tres últimos cursos. Considerar estudar a evolución nos próximos anos, e se é preciso definir algunha acción de mellora, encamiñada a aumentar a demanda. Por exemplo, accións de promoción e captación de alumnado propias para este mestrado, ou accións que permitan analizar as causas deste descenso (menor dificultade para atopar emprego que en anos pasados, oferta ampla en titulacións similares, ...)</p> <table border="1" data-bbox="831 1832 1198 1995"> <thead> <tr> <th>Curso</th> <th>Nº de matriculados</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>13/14</td> <td>35</td> </tr> <tr> <td>14/15</td> <td>32</td> </tr> <tr> <td>15/16</td> <td>20</td> </tr> </tbody> </table>	Curso	Nº de matriculados	13/14	35	14/15	32	15/16	20
Curso	Nº de matriculados								
13/14	35								
14/15	32								
15/16	20								

<p>I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título</p>	<p>No caso do profesorado os resultados das enquisas de satisfacción son altos (valoracións sempre por riba dos 4 puntos) No caso do alumando, como xa se comentou en puntos anteriores, a excepción da satisfacción cos recursos materiais e servizos, todas as valoracións están por debaixo de 3. Incluso algúns dos ítems están por debaixo das metas fixadas polo título nos seus obxectivos de calidade. Este é o caso da satisfacción coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas. A satisfacción cos resultados tamén é baixa (a pesar de que as taxas de éxito e rendemento son altas), polo que debería considerarse levar a cabo unha análise dos motivos desta baixa valoración. Dado que a participación nas enquisas é baixa, esta podería ser un dos motivos, polo que se recomenda fomentar a participación no futuro, e así poder valorar dun xeito máis apropiado os resultados obtidos.</p>
<p>I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.</p>	<p>As taxas de éxito, rendemento e avaliación están por riba do 90% nos dous últimos cursos. A taxa de eficiencia tamén está por riba do 90 %, nos dous últimos cursos. A taxa de abandono é baixa (cun valor máximo do 9%). Supéranse os obxectivos marcados polo título.</p> <p>A taxa de graduación media está por encima do 85 %, non obstante a taxa baixou nos últimos anos. Recoméndase estudar as razóns polas que os estudantes non rematan os estudos, e na medida do posible, evitalas. Tal e como se indica no informe de revisión pola dirección- a compatibilización de estudos e traballo parece unha das causas mais probables.</p>
<p>I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso</p>	<p>Obsérvase unha tendencia a baixa nos datos de ocupación, que paso do 100 % no curso 13/14 ao 57,14 % no curso 15/16. Recoméndase analizar cales son as posibles causas, e se procede definir accións para a mellora da demanda, por exemplo accións de promoción e captación de alumnado propias para este mestrado.</p> <p>Os valores de preferencia (>85%) e de adecuación (80%) son positivos.</p> <p>Non se consideran metas para estes indicadores nos obxectivos de calidade do centro nas titulacións de mestrado. Suxírese considerar a posibilidade de facelo.</p> <p>* Os datos do indicador 12 non coinciden cos datos do informe de revisión pola dirección</p>

1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
<p>A análise do grao de satisfacción dos distintos grupos de interese que se presenta no informe de revisión pola dirección abórdase dende un punto de vista global, sen apenas desagregar por titulación ou ítem.</p>	<p>Non</p>	<p>Recoméndase ampliar a análise que se fai por titulación de cada un dos ítems, co fin de detectar graos de satisfacción baixos e propoñer accións para a súa mellora. Por exemplo, dado que un dos ítems peor valorado é a satisfacción coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas, levar a cabo accións de mellora que comecen por analizar as posibles causas desta baixa</p>

		valoración.
O grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas está por debaixo de 2,5 (2,42)	Non	Recoméndase analizar as causas que levaron a esta baixa valoración, e definir accións que encamiñen cara a súa mellora.
A participación do alumnado nas enquisas de satisfacción é baixo (15 %)	Si	Recoméndase fomentar a participación do alumnado nas enquisas de avaliación da satisfacción coas titulacións oficiais. Hai unha acción de mellora relacionada con este punto que sería " <i>Promoción na participación das enquisas docentes</i> ".
Obsérvase un descenso no número de estudantes de novo ingreso nos tres últimos anos.	Non	Recoméndase analizar as posibles causas e incluír accións específicas no plan de promoción e captación de estudantes, se se considera necesario.

1.7.2 Valoración do Criterio:

Indicadores de Satisfacción e Rendemento **B**

1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	I11	En termos xerais, as taxas académicas son boas, e alcanzan as metas establecidas polo título.
Recomendacións para a mellora	I03	Recoméndase fomentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción.
Recomendacións para a mellora	E15- E10	Considerar a posibilidade de facer unha análise por titulación, e para cada un dos ítems avaliados nas enquisas de avaliación da satisfacción. Se procede, propoñer accións que busquen melloralos. Por exemplo, dado que o ítem peor valorado é a planificación e desenvolvemento das ensinanzas, analizar a conveniencia de incorporar accións específicas para mellorar este aspecto.
Recomendacións para a mellora	I12	Considerar a posibilidade de levar a cabo accións de promoción e captación de alumnado específicas para este mestrado.

1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p>CRITERIO 1 Durante o curso 2015-16 iniciouse o proceso de modificación da memoria do máster co gallo de corrixir a discrepancias entre a memoria e as guías docentes, ademais de revisar a competencias do máster.</p>	<p>Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non Xustificación: Aún cuando se valora muy positivamente la acción descrita en el epígrafe de alegaciones, el contenido de la alegación no aporta información o aclaración que permita justificar una valoración diferente de este epígrafe para el curso objeto de evaluación, por lo que el resultado de dicha acción será evaluado en el seguimiento del próximo curso.</p>
<p>CRITERIO 2 “Suxírese publicar un listado de TFM...” En xuño de 2016, na páxina web do máster publicouse durante o curso 2015-2016 o listado dos TFM defendidos no curso anterior. Unha vez finalizado este curso, actualizarase dita información cos defendidos no curso actual.</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: Se valora muy positivamente la acción descrita en el epígrafe de alegaciones y se procede a modificar el contenido del informe de evaluación a este respecto, eliminando el punto débil y la correspondiente acción de mejora.</p>
<p>CRITERIO 2 “A información dos recurso humanos e incompleta...” Os problemas de visualización no listado de profesoras débese a plantilla web que provee a Universidade de Vigo para elaboración das páxinas dos máster. A día de hoxe, estase a recopilar a información do profesorado para publicar na web, espérase que esta dispoñible no período de matrícula do curso 2016-2017.</p>	<p>Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non Xustificación: Aún cuando se valora muy positivamente la acción descrita en el epígrafe de alegaciones, el contenido de la alegación no aporta información o aclaración que permita justificar una valoración diferente de este epígrafe para el curso objeto de evaluación, por lo que el resultado de dicha acción será evaluado en el seguimiento del próximo curso</p>
<p>CRITERIO 2 “A memoria vixente do título so é accesible a través do portar de calidade da EEI” Dende xuño de 2016, a memoria do título tamén está accesible na web do máster en: http://www.uvigo.gal/uvigo_es/titulacions/masters/enerxia-sustentabilidade/planificacion/</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: Se admite la alegación y se procede a eliminar del informe el contenido del punto débil detectado y la correspondiente acción de mejora.</p>
<p>CRITERIO 3 “O plan de captación e promoción de estudantes...” Durante o curso 2015-2016 incrementouse a presenza nas redes sociais do mestrado abrindo un perfil público en LinkedIn e invitando os alumnos, ex-alumnos e profesorado a ser seguidores de dito perfil. Por outra banda, cara ó curso 2016-17 realizouse un cartel publicitario do máster o cal foi enviado as</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: Se admite la alegación. No obstante, cabe indicar que el plan de captación y promoción del centro no contempla acciones específicas para la titulación, por lo que convendría valorar incluir una referencia a</p>

<p>universidades españolas cercanas mais as do norte de Portugal.</p>	<p>estas accións que se están levando a cabo en dicho plan. Se recomenda por tanto, incluir una descripción de accións de promoción específicas de la titulación en el plan de promoción del centro e intensificar dichas accións en la medida de lo posible. Aunque se admite la alegación, se considera oportuno mantener la recomendación para la mejora.</p>
<p>CRITERIO 4 Mecanismos de análise de resultados Durante o curso 2015-2016 fixéronse encuestas elaboradas polo máster que foron distribuídas ós alumnos durante a realización dos exames. A intención de ditas encuestas e acadar unha alta participación e obter información significativa sobre o desenvolvemento do máster. Ate o momento de realizar este informe, realizáronse dúas enquisas cunha participación superior o 90% dos alumnos matriculados. Os resultados foron expostos na CAM, tamén foron enviados os coordinadores de materias. Ademais, un resumo dos resultados está dispoñible na web do máster e se lle avisou ós alumnos por correo-e da súa posibilidade de consulta. Os resultados de ditas enquisas analizaranse ó finalizar o curso e foxen realizadas tódalas enquisas, aínda que se pode adianta ca media de satisfacción cas materias situase por enriba de 3 sobre 5 en todas as materias. En canto a planificación e os contidos do máster foron avaliados cun 3.5</p>	<p>Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non Xustificación: Aun cuando no se cuestiona la validez de los resultados de las encuestas que realiza la titulación de forma específica, cabe señalar que el procedimiento de valoración de este epígrafe se basa en la evaluación y análisis de los resultados obtenidos en las encuestas de evaluación docente y de satisfacción oficiales, así como en el análisis que al respecto de los recursos humanos se realiza en el Informe de Revisión por la Dirección. Se considera que la alegación a la valoración de este epígrafe no aporta información adicional que justifique una variación en la valoración del mismo.</p>
<p>CRITERIO 7 “Observase un descenso no número de estudantes...” Dende a CAM analizáronse as posibles causas do descenso de alumnos de nova matrícula e establecéronse dos liñas de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aumentar a publicidade do máster, xa sexa de xeito directo mediante o envío de cartelería os distintas escolas de España e norte de Portugal. Aínda que tamén se reforzou a presenza en redes sociais abrindo un perfil el LinkedIn (ver alegacións anteriores). • Modificar a memoria do máster. Durante o curso 2015-16 iniciouse o proceso de modificación da memoria do máster co gallo de incluír aqueles coñecementos que diferencien ó máster das titulación actuais. Entre outras propostas, mellorase o carácter profesionalizante do máster o traballar de xeito específico os proxectos de instalación. Ademais, inclúense coñecementos nos existentes nas titulación de grao e con gran proxección como pode ser a enerxía offshore. 	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Xustificación: Se considera que las acciones que se plantean son razonables y coherentes con el punto débil detectado. En cualquier caso, el alcance de las líneas de actuación que se plantean, se valorarán en el próximo informe de seguimiento, no siendo de aplicación para el curso objeto de evaluación.</p>

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input checked="" type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse só as accións de mellora do cadro do último curso académico e das accións da titulación. De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	B	<p>Aínda que algúns dos puntos febles indicados neste documento non foron recollidos no plan de accións de mellora do título, si se recollen os mais importantes, sobre todo os que teñen que ver coa revisión das guías docentes en relación co proxecto recollido na Memoria de Verificación. Tamén se recolle a revisión e actualización da información pública en xeral, e a mellora e implantación do SGIC.</p> <p>Non obstante queda pendentes algúns puntos febles. Entre eles estarían:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ampliar a información dispoñible na páxina web dun xeito accesible sobre o profesorado, e sobre os recursos e servizos dispoñibles para a titulación. • Ampliar a análise que se fai sobre a actividade docente do profesorado, empregando os resultados das enquisas de Avaliación da actividade docente. • Ampliar os informes de revisión pola dirección cunha análise das taxas académicas por materia.
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	B	<p>No plan de accións de mellora do título détéctanse outros puntos febles que son significativos, pero que non se detectaron nesta revisión porque afectan a aspectos que non aparecen nas evidencias analizadas.</p> <p>Para aqueles puntos febles que detecta o título, propóñense accións de mellora coherentes, e os responsables son adecuados.</p> <p>En canto aos prazos, é difícil avalialo porque as veces fálase dun mes / tres meses, pero sen ter a referencia temporal de inicio. Por outra banda algúns deles deberían ter rematado xa, polo que quizás será preciso revisar os períodos de execución. Este é o caso da "Revisión/actualización da Memoria" (decidiuse aprazar a solicitude de Modificación da Memoria) ou "Coordinación docente" (segue sen haber informe de coordinación).</p>

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E14-E9	<p>O plan de acción de melloras recolle, na opinión do revisor, os puntos febles mais importantes para a titulación (revisión das guías docentes en relación co proxecto descrito na Memoria do título, revisión e actualización da información pública, implantación do PAT, fomentar a participación nas enquisas de avaliación da satisfacción, evidenciar as accións de coordinación docente).</p> <p>En xeral, as accións propostas para a mellora por parte do título son coherentes cos principais puntos febles detectados, e os responsables son axeitados.</p>
Recomendacións para a mellora	E14-E9	<p>Revisar os prazos de execución das distintas accións de mellora, definindo con claridade cando está previsto que finalicen.</p>
Recomendacións para a mellora	E14-E9	<p>Tratar os puntos febles que se recollen neste informe e que non se recollen no Plan de Accións de mellora da titulación. De forma resumida serían:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A información pública sobre o profesorado é incompleta • O informe de revisión pola dirección non recolle unha análise sobre os resultados das enquisas de avaliación docente. • O grao de satisfacción do alumnado con aspectos como a planificación e desenvolvemento das ensinanzas e os resultados é baixo. • A análise das taxas académicas e resultados de aprendizaxe faise de forma global e non por materia.

2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
<p>A memoria do título está accesible dende a web do máster desde xuño de 2016.</p> <p>Con cara a matrícula do curso 2016-2017, estase a realizar unha campaña de publicidade do máster mediante Cartelería enviada a universidades cercanas (españolas e portuguesas) e incremento da presenza en redes sociais (Linkedin).</p>	<p>Admitida: <input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Se acepta la alegación, relativa a la información pública de la memoria de verificación y la realización de acciones específicas de la titulación para captación y promoción de estudiantes. Se han eliminado del informe estos puntos débiles.</p>
<p>Durante o curso 2015-2016 realizáronse enquisas propias do máster con participación dos alumnos superiores ó 95%. O resumo de resultados das enquisas publicáronse na web do máster.</p>	<p>Admitida: <input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</p> <p>Xustificación: Se mantienen las acciones relativas a las encuestas de evaluación docente y de satisfacción de la titulación oficiales y el análisis en el Informe de Revisión por la Dirección, en base a lo establecido en el procedimiento de seguimiento de la titulación.</p>

3. Modificacións do plan de estudos

3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluiranse neste todas as modificacións non substanciais, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que detectáronse no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado

Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos da páxina 2 deste modelo.](#)

3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	